

boletín do ceesg

decembro



convenio
de acción e intervención social

Nº 11 | Decembro 2007 | Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia



Rúa Gómez Ulla 7, 3º
15702 Santiago de Compostela
A Coruña

T 981 552 206 | F 981 938 274
ceesg@colexioeducadores.com
www.colexioeducadores.com

CONVENIO DE ACCIÓN E INTERVENCIÓN SOCIAL SITUACIÓN ACTUAL E PAPEL DO COLEXIO

Recentemente, como todos sabedes, aprobouse o Convenio Colectivo de Acción e Intervención Social. Dende entón vimos recibindo no Colexio moitas consultas sobre o mesmo, e incluso solicitudes para que o CEESG interveña na súa implantación en diversas empresas e entidades.

Dende a Xunta de Goberno do Colexio aplaudimos todas aquelas iniciativas e actuacións que sirvan para regular e mellorar a nosa profesión. Por ese motivo, e dado o voso interese, fixemos unha consulta á nosa Asesoría Xurídica para saber qué pode facer a nosa entidade e en qué medida.

Axuntámosvos a súa resposta:

“O convenio non é de aplicación a todas/os as/os educadoras/es sociais. O feito de que unha empresa teña contratada a unha educadora ou educador social non implica a aplicación deste convenio colectivo. É un erro pensar que os convenios colectivos son de aplicación a profesionais concretos. Os convenios colectivos son aplicables ás empresas que se atopen dentro do seu ámbito funcional e a todas/os as/os traballadoras/es que presten servizos nelas.

Neste sentido, o convenio é claro: só se aplicará ás empresas que desenvolvan programas e accións de acción e intervención social realizando e/ou xestionando profesionalmente centros, recursos e servizos de atención a persoas, grupos e comunidades, co obxecto por un lado de detectar, previr, paliar ou corrixir situacións de risco social e/ou procesos de exclusión social, e, por outro, de promover procesos de inclusión, reinserción, dinamización e participación social.

A empresa ten que reunir todos estes requisitos, do contrario non procedería a súa aplicación. Logo o convenio vén a poñer varios exemplos do que serían as actividades.

Polo tanto, por exemplo unha empresa que se dedique a organizar campamentos de verán para xuventude sen ningún tipo de problemática, aínda cando realizara actividades de animación sociocultural, non entrarían no ámbito de aplicación do convenio.

E se existira outro convenio máis específico este sería o de aplicación; por exemplo residencias de terceira idade ou axuda a domicilio, que teñen convenio propio.

Non se debe esquecer que no caso de que unha empresa optase pola non aplicación do convenio colectivo, o procedemento sería un conflito colectivo, no que os colexios profesionais carecen de lexitimación. Isto é, non poden acudir aos tribunais esixindo a súa aplicación. Esta acción está vedada aos representantes legais ou sindicais dos traballadores, aos sindicatos e ás asociacións empresariais interesadas.”

Como vedes, o Colexio non é quen de realizar as tarefas dos Sindicatos. O que si pode facer é informar e dar a máxima difusión daquelas normativas que melloran a nosa profesión.

No tocante a este Convenio, neste momento atópase impugnado, solicitando a súa nulidade.

O día 11 de decembro celebrouse a vista sobre o proceso de impugnación, e pechouse cun aprazamento, que se prevé para febreiro.

O CEESG, e mailo Consello Xeral de Colexios Oficiais de Educadoras e Educadores Sociais vén de amosar o seu apoio ás mobilizacións que se están a realizar para a aplicación deste Convenio.

M^a José Fernández Barreiro
Presidenta do CEESG

ACTUACIÓNS REALIZADAS

- | | |
|---|--|
| <ul style="list-style-type: none">✓ Envío á Secretaría Xeral do Benestar de ideas e propostas para a creación de Grupos de Traballo no seo do futuro Observatorio da Infancia.✓ Solicitud de audiencia á Mesa de Educación do Parlamento de Galicia, para expoñer a reivindicación profesional de incluír a figura das/os educadoras/es sociais nos centros educativos.✓ Participación o día 14 de decembro no tribunal avaliador e na clausura do Curso de Especialización de Posgrao – Especialista Universitario en Intervención e Atención a persoas con dependencia (Universidade de Vigo. Campus de Ourense). Asistiu Pilar Cañas, Vogal do CEESG.✓ Envío de comunicado aos xornais <i>El Correo Gallego</i> e <i>El Mundo</i>, de repulsa ao artigo publicado no diario <i>El Mundo</i> o día 26 de decembro, co titular: “Los cursos importados de EE.UU. para curar la homosexualidad se ponen de moda en España”.✓ Ratificación, acordada en reunión de Xunta de Goberno de 29 de novembro, dos “Principios ideolóxicos do CGCEES” e da “Proposta de Estatutos Xerais de Colexios Oficiais de Educadoras e Educadores Sociais de CGCEES”. | <ul style="list-style-type: none">✓ Envío de enquisa relativa á “Formación das/os Educadoras/es Sociais no Sistema Universitario de Galicia”, remitida ás/aos colexiadas/os titulados en Educación Social.✓ Sinatura o día 26 de decembro do “Convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o CEESG para o desenvolvemento do Programa de Mediación Familiar en Galicia”, no marco do Programa <i>Mediagal</i>.✓ Asistencia e participación na Asemblea Xeral Extraordinaria virtual do CGCEESG, celebrada o 28 de decembro.✓ Sentencia do Xulgado Contencioso Administrativo número dous de Santiago de Compostela, en relación á desestimación presunta por silencio administrativo do recurso de reposición formulado contra a convocatoria e as bases xerais de acceso libre a prazas de persoal funcionario da Excm. Deputación Provincial de Lugo e as bases específicas para o acceso a dúas prazas de técnico en actividades socioculturais, publicadas no BOP de Lugo de 5 de decembro de 2006. O fallo desestima o recurso contencioso-administrativo por considerar que o programa da oposición pon de manifesto que o contido funcional das prazas é máis amplo que as propias dos animadores socioculturais. |
|---|--|

NOVAS PUBLICACIÓNS DISPOÑIBLES NA BIBLIOTECA DO CEESG

- Xornal “Infoxove” Nº 20. Decembro 2007. Xunta de Galicia
- Revista “Perfiles”. Nº 236. Decembro 2007. ONCE
- *Lei galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero*. Xunta de Galicia.
- *Defende os teus dereitos. Guía práctica resumida para mulleres que sofren violencia de xénero*. Xunta de Galicia.
- *Recursos para a igualdade. As=Os*. Xunta de Galicia.
- “Revista del Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales.” Nº 70. 2007. Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais.
- MEGÍAS VALENZUELA, E. (dir.) (2007): *Adolescentes y alcohol. La mirada de padres y madres*. Obra Social Fundación La Caixa. (Colección Estudios Sociales nº 22)
- RODRÍGUEZ CABRERO, G. (coord.) (2006): *Los centros de día. Aproximación a la experiencia internacional y española*. Fundación Pfizer.
- Revista “UDP”. Nº 219. Novembro-decembro 2007. Unión Democrática de Pensionistas y Jubilados de España.
- “Directorio de centros. Familia. Xuventude. Maiores. Discapacitados. Muller”. Xunta de Galicia.
- “Estatística de familias numerosas”. 2007. Xunta de Galicia.
- Boletín “CDD”. Nº 145. Novembro 2007. Centro de Documentación de Drogodependencias.
- Xornal “Entre Mayores”. Nº 74. Decembro 2007.
- LÓPEZ MARTÍN, R. (Coord.) (2007): *Las múltiples caras de la medicación. Y llegó para quedarse...* Universitat de València.

ARTIGO DE INTERESE: INFORMACIÓN DO COLEXIO

CATÁLOGO DA BIBLIOTECA

Na sede do CEESG tedes á vosa disposición diversas publicacións e materiais relacionados cos distintos ámbitos da Educación Social.

Os materiais están organizados por centros de interese, agrupados polos ámbitos de traballo propios da nosa profesión. **O catálogo de publicacións está xa dispoñible na web do colexio** (sección *Servizos*). Nas próximas semanas poderase consultar tamén o catálogo de revistas e outras publicacións periódicas.

Tamén podedes consultar nesta sección o regulamento do servizo de préstamos.

COBRO DE COTAS COLEXIAIS

Recordamos que a finais do mes de xaneiro pasarase ao cobro a **cota de mantemento do primeiro semestre do 2008**.

Tal como se aprobou na Asemblea Xeral Ordinaria do CEESG do ano 2005, a cifra actual verase incrementada coa suba do IPC correspondente.

Recordamos que calquera cambio bancario que afecte ao cobro desta cota debe ser comunicado por escrito á sede do colexio (por email, correo postal ou fax)

FORMACIÓN CON DESCONTOS PARA COLEXIADAS/OS

I.S. INTERVENCIÓN SOCIAL (Cursos a distancia)
CURSO DE ORIENTACIÓN SOCIOLABORAL
CURSO DE ACOLLEMENTO FAMILIAR E ADOPCIÓNS
CURSO DE MEDIACIÓN FAMILIAR INTERXERACIONAL
CURSO DE VIOLENCIA SOBRE AS MULLERES
CURSO DE INTERVENCIÓN CON MAIORES
CURSO DE INTERVENCIÓN CON MENORES

Prezos de cada curso:

Soporte papel: 250 €
 Soporte CD-Rom: 230 €
 Soporte web: 200 €

Aplicáraselles un **desconto do 10%** ás/aos colexiadas/os do CEESG.

Organiza:

I.S. Intervención Social
 C/ Peñalara, 15, baixo esq. 41005 Sevilla.
 Tel.: 954 933807 Fax: 954 933808
 formacion@intervencionsocial.com
 www.intervencionsocial.com

DESEÑO, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DE PROXECTOS SOCIAIS (online)

Organiza: Fundación Radio ECCA – Andalucía.
Duración: 100 h.
Prezo: 75 €
Datas: do 4 de febreiro ao 24 de marzo de 2008.
Data límite de inscrición: 3 de febreiro.
Máis información: Radio Ecca Andalucía
Tel.: 954 546260
 info@eccandalucia.org
 http://campus.eccandalucia.org

ADOLESCENTES E MOZOS EN SITUACIÓN DE RISCO. TÉCNICAS DE INTERVENCIÓN SOCIOEDUCATIVA (online)

Organiza: Fundación Pere Tarrés – Institut de Formació.
Duración: 30 h.
Prezo: 90 €
Data de comezo: 23 de marzo.
Máis información: Fundación Pere Tarrés.
Tel.: 93 4101602
 if@peretarres.org
 http://www.peretarres.org/formacion

NOVAS DOS BOLETÍNS

EMPREGO

Concello de Malpica de Bergantiños: Anuncio da Oferta de Emprego Público para o ano 2007. Unha praza de Técnico de Cultura. BOP de 7/12/07

Concello de Vilanova de Arousa (Pontevedra): Anuncio da Oferta de Emprego Público para o ano 2007. Unha praza de Orientador/a Laboral e unha praza de Educador/a Familiar. DOG de 7/12/07

Concello de Pontevedra: Anuncio da Oferta de Emprego Público para o ano 2007. Unha praza de Educador/a Social. BOP de 12/12/07

Concello de Laxe (A Coruña): Anuncio da Oferta de Emprego Público para o ano 2007. Un posto de Axente de Emprego e Desenvolvemento Local. BOP de 17/12/07

OUTROS

Xefatura do Estado: Lei 44/2007, de 13 de decembro, para a regulación do réxime das empresas de inserción. BOE de 14/12/07

Ministerio de Sanidade e Consumo: Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a convocatoria e a concesión de axudas económicas a entidades privadas sen fins de lucro de ámbito estatal para a realización de programas supracomunitarios sobre drogodependencias. BOE de 15/12/07

Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar: Orde do 17 de decembro pola que se establecen os criterios para a elaboración do Programa individual de atención, fixación das intensidades de protección dos servizos, réxime de compatibilidades das prestacións e xestión das prestacións económicas do sistema para a autonomía e atención á dependencia na Comunidade Autónoma de Galicia. DOG de 21/12/07

Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza: Resolución pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións para a execución de proxectos de cooperación ao desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación, para actividades formativas e de sensibilización e para a consolidación e fortalecemento de organizacións non-gobernamentais de desenvolvemento. DOG de 24/12/07

Xefatura do Estado: Lei 49/2007, de 26 de decembro, pola que se establece o réxime de infraccións e sancións en materia de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade. BOE de 27/12/07

Xefatura do Estado: Lei 54/2007, de 28 de decembro, de Adopción internacional. BOE de 29/12/07

O CEESG está realizando unha **enquisa** para coñecer as valoracións sobre a formación universitaria adquirida das/os profesionais en activo que cursaron a Diplomatura en Educación Social no Sistema Universitario de Galicia. O **prazo** para o envío do cuestionario amplíase **ata finais de xaneiro**. Podedes cubri-la directamente a través dun formulario dispoñible na páxina web.

No mes de xaneiro, o CEESG sorteará entre as/os colexiadas/os **4 xogos "Club de Billar"**, agasallo da Secretaría Xeral de Benestar. Estes xogos teñen como obxectivo o fomento de valores morais nos nenos, especialmente aqueles que superan os doce anos de idade. Tras o resultado do sorteo, contactarase cos premiados para notificarllo e remitirlle o xogo por correo postal.